



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazo público para parque temático de reciclaxe

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Mos un convenio para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazo público para parque temático de reciclaxe.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estivera destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, mediante a Orde do 30 de decembro de 2016 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2017) reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017 e as actuacións ás que se destina, aplicando parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Por outra banda, no proxecto orzamentario 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*, existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia. Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Mos o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2017.





4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mos para a execución do proxecto denominado Recuperación de espazo público para parque temático de reciclaxe.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Mos manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Recuperación de espazo público para parque temático de reciclaxe que ten como obxecto a recuperación ambiental e posta en valor dos terreos sobre os que se executará a actuación.

A parcela municipal na que se pretende actuar está situada nun ámbito urbanizado de solo urbano, que actualmente non é acorde co entorno, polo que precisa dunha actuación urxente de recuperación ambiental e posta en valor.

Dende o punto de vista ambiental, o estado actual de degradación desta parcela é moi importante, o que fai que se utilice coma vertedoiro e que a mesma presente unha situación de total abandono. Con esta actuación mellorárase notablemente o estado visual e medioambiental do entorno o eliminar residuos e malos olores.

A maiores debe terse en conta que esta zona ten un elevado valor social para este concello, xa que se trata do núcleo central urbano, segundo o recente PXOM, aprobado por orde de 18 de xaneiro de 2017, no que se concentran importantes equipamentos municipais, colexios, IES, pavillón Oscar Pereiro, piscina municipal, Multiusos, polo que é unha zona moi transitada que poderá gozar dun espazo de esparcemento e xogos recuperado ambientalmente no que se pretende divulgar e transmitir valores medioambientais e contribuír a mellora da concienciación cidadá co deber da reciclaxe dunha forma dinámica e divertida.

Finalizada a construción do parque, realizaranse actividades e obradoiros entorno aos elementos relacionados coa aprendizaxe do reciclaxe e o coidado do medio ambiente, para inculcar dende o xogo os valores do reciclaxe.

A urxencia da actuación acentúase polo feito de que na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas e pola falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario Desenvolvemento dos Entes Locais.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Mos para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mos.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a





cantidade máxima de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2017 00054) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017
A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
Documento asinado dixitalmente á marxe

